

ESCOLA DE MÚSICA CONCELLO DE ORTIGUEIRA
Rede de ESMU DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Programación Didáctica de Piano



Escola de Música Concello de
Ortigueira



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira

Profesor: Alejandro Vázquez García

Programación Didáctica departamento PIANO

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. METODOLOGÍA.
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
4. TEMAS TRANSVERSAIS.
- 5, ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS
6. CONTIDOS POR NIVEIS.
- 7.- CRITERIOS DE AVALACIÓN
- 8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

A ensinanza do piano na escola de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Desenvolver a relaxación corporal, o control muscular e o control das articulacións do corpo.
- Coñecer as posibilidades do corpo como medio indispensable para a práctica instrumental do piano.
- Coñecer as características principais do instrumento e as súas posibilidades sonoras para utilizala, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como colectiva.
- Desenvolver unha capacidade auditiva co fin de valorar a esixencia da calidade sonora.
- Coñecer as diferentes técnicas pianísticas.
- Desenvolver a lectura a primeira vista axeitadas as dificultades do nivel.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musical coa práctica do instrumento na resolución das dificultades técnicas propias dos obxectivos e contidos do nivel.
- Interpretar obras de repertorio de diferentes estilos, axeitados as esixencias do nivel.
- Practicar a improvisación como medio de expresión habitual do pianista.

2.- METODOLOXÍA

A base metodolóxica dos ensinos artísticos instrumentais, é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc.

Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función da individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial de cada alumno no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

O profesor ten que implicarse en todo o proceso de ensinanza, animando e dinamizando coa súa participación e actitude todo o que se vai a realizar, debendo crear as condicións adecuadas de confianza e liberdade para que os alumnos se poidan expresar correctamente. O profesor de piano utilizará unha metodoloxía mezcla de distintos principios metodolóxicos e diferentes estratexias de ensinanza, segundo as necesidades de cada situación.

Enfoque Metodolóxico

- Debemos de ter en conta tres conxuntos diferenciados de alumnado, os que teñen coñecementos musicais previos ao acceso a escola, os que non, xunto cos adultos.
- Tamén atenderemos á etapa mental de maduración de cada un deles. Partindo así das súas necesidades e capacidades organizaremos todo o proceso de ensino-aprendizaxe adaptando os contidos a cada caso individual para así alcanzar con éxito os obxectivos fixados nesta programación.
- Favoreceremos dentro do posible a motivación do alumno xa que se considera un pilar fundamental na implicación deste no proceso de aprendizaxe. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe.
- Animaremos aos alumnos a que, co fin de que adquiran unha cultura musical básica, asistan a actividades programadas para eles, como por exemplo cursos de interpretación, improvisación, etc. así como a concertos e audicións.
- Fomentaremos a súa curiosidade en materia pianística. Dado que non é posible abordar no centro todo o referente a ela, é o noso deber mostrarlles os lugares onde poden pescudar e aprender algo máis (páxinas web, libros, gravacións...).
- Podemos completar a formación do alumno mediante a audición comparada de distintas versións ou interpretacións dunha mesma obra. Con isto, desenvolveremos o sentido musical, formal e estilístico dos alumnos, ademais da súa capacidade crítica, auditiva, etc.
- Trataremos de desenvolver a progresiva autonomía dos alumnos, de forma que non dependan absolutamente do profesor, senón que progresivamente vaian desenvolvendo o hábito de estudo dunha forma regular, con concentración e aproveitamento do tempo dedicado a cada dificultade.
- Motivación: Hai que conseguir que o alumno estea continuamente motivado. Para iso o profesor ten que fomentarlle a ilusión polo instrumento.

- Variedade: Propoñerlle estudos e obras de diferentes estilos. Facer da técnica algo divertido e non un traballo monótono, propoñendo o profesor, formas de estudos diferentes e permitindo que o alumno cree as súas.
- Socialización: A comunicación será fomentada como medio de relación entre os diferentes alumnos. Ir á escola de música a estudar música é momento tamén para compartir cos compañeiros as experiencias musicais.
- Aprendizaxe polo descubrimento: Insistirase no método indutivo da investigación persoal como medio e método de aprendizaxe.
- Exercitación: Non debe implicar repetición rutinaria aburrida. Pódese y débese exercitar as mesmas destrezas por medio de actividades diferentes.
- Mediación do profesor: O profesor explicará e demostrará as súas experiencias e coñecemento para levar a cabo os obxectivos propostos.
- Intercambio: Entre o profesor e o alumno dos conceptos aprendidos, axudando a resolver posibles dúbidas ou dificultades que teña o alumno.
- Imitación: O profesor interpretará o estudio, a obra ou ben a técnica, co fin de que o alumno visualice a execución.

3.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O alumnado da escola habitualmente está dentro dun nivel grande de capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar na escola son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

4.- TEMAS TRANSVERSAIS.

Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto.

Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os

materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Actividades complementarias e extraescolares.

Cada profesor programará unha audición de alumnos en cada trimestre. A asistencia a estas audicións sería recomendable para todos os alumnos matriculados na especialidade. Ao longo do curso, poderanse programar clases abertas, audicións de clase e audicións colectivas, si os criterios pedagóxicos do departamento estímalo oportuno.

5.- ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Ó longo do curso contemplaranse distintas actividades complementarias para dinamizar, motivar e implicar ó alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno, é dicir, para completar a formación regrada que se imparte na aula de piano.

As principais actividades que se levarán a cabo de xeito continuado serán as audicións de alumnos.

Ademais das anteriores actividades tamén se organizarán na medida do posible as seguintes:

- Conxuntos instrumentais.
- Proxeccións de documentais e concertos.
- Asistencia á biblioteca para realizar traballos.
- Intercambios con outros centros (escolas de música, academias, agrupacións, entidades culturais, etc...)
- Organización de agrupacións instrumentais entre alumnos.
- Asistencia a concertos en vivo.
- Talleres con outros profesores.

Difusión e proxectos dixitais da Escola

Canle oficial de YouTube da ESMU: nel publícanse audicións de grupos, concertos e proxectos especiais, servindo de escaparate do traballo do alumnado e do profesorado.

Radio online e podcast: a Escola mantén un proxecto estable de radio e podcast, accesible en plataformas como Spotify e iVoox, que permite difundir contidos musicais e entrevistas, e reforza a dimensión comunicativa da música.

Web oficial (www.ortigueiramusica.com): espazo de referencia para a comunidade educativa, onde se publican novas, artigos, vídeos e materiais didácticos, así como información sobre actividades e matrícula.

ESMU TV – Ortigueira Música Televisión: proxecto dixital da Escola para recoller e difundir a súa actividade, ofrecendo contidos en formato audiovisual.

Actividades conxuntas con outros departamentos

Pretendese realizar durante este curso académico un concerto ó rematar o curso antes das vacacións estivais. Neste concerto participarían tódolos departamentos conxuntamente. Outra actividade planteada é realizar audicións onde participen todas as especialidades conxuntamente, distribuídas por cursos ou ciclos ó longo dunha semana.

Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades complementarias e extraescolares terán que someterse ás normas do Regulamento de Réxime Interno do centro. Son as recollidas nos apartados anteriores máis as seguintes:

Audicións

Realizaranse dúas ou tres durante o curso, coincidindo coas semanas de avaliacións. As audicións serán na propia aula ou no teatro, necesitándoo dende varias horas antes para a preparación e montaxe da audición e respetarase o que dicte a normativa referente a audicións.

Actividades Extraescolares

A ESMU organizará actividades extraescolares relacionadas coa práctica musical, como asistencia a concertos, ensaios de grupos profesionais, ou visitas culturais, co obxectivo de complementar a formación do alumnado.

6.- CONTIDOS POR CURSO

Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)

Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)

Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)

Ensino para Adultos

Formación Básica 1 (Nivel Inicial)

Obxectivos

Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para obter unha boa calidade sonora.

Iniciar a capacidade creativa do alumno.

Adoptar unha posición adecuada do corpo co instrumento.

Iniciarse no coñecemento das posibilidades sonoras do piano.

Adquirir hábitos de práctica regular na casa.

Contidos

Técnicas de estudo: disciplina, concentración básica.

Posición do corpo e da man.

Relación tensión–relaxación.

Desenvolvemento inicial da independencia de mans.

Principios básicos da dixitación pianística: notas correlativas, alternas e paso do polgar.

Uso inicial do pedal de prolongación.

Desprazamentos sinxelos: cambios de tesitura, cruces de mans.

Lectura a 1ª vista: notas simples en do maior, compás binario, valores de brancas e negras.

Escalas maiores simples (do maior, unha oitava, mans separadas).

Improvisación rítmica libre con ostinatos.

Articulacións: legato e picado.

Aspectos musicais

Pulso básico.

Diferenciación forte/piano.

Forma pregunta-resposta.

Ligaduras de prolongación e fraseo.

Pequenas formas: canción.

Repertorio de referencia

Métodos iniciais (Tchokov-Gemiu, Emonts, Bastien, Thompson).

Pezas fáciles de Bach (Álbum de Ana Magdalena).

Pezas infantís de Mozart.

Bartók: Mikrokosmos vol. I (pezas máis sinxelas).

Cancións populares adaptadas.

Formación Básica 2 (Nivel Intermedio)

Obxectivos

Consolidar a posición corporal e a relaxación das articulacións.

Iniciar a comprensión da estrutura formal.

Potenciar a sensibilidade musical e estética para interpretar e gozar da música.

Fomentar a creatividade musical.

Consolidar a práctica regular.

Contidos

Técnicas de estudo: concentración e autocrítica.

Lectura a 1ª vista ampliada: notas en compases binarios, ata corcheas; armadura dunha alteración.

Escalas maiores: do, sol, re, fa (dúas oitavas mans separadas).

Escalas con mans xuntas en movemento contrario.

Arpegios sinxelos.

Traballo da memoria consciente.

Notas dobres e acordes simples (ata 6ª).

Pequenas fórmulas de acompañamento (baixo Alberti).

Diferenciación auditiva entre maior e menor.

Iniciación á dinámica (p, mp, mf, f) e agóxica básica (rit., rall., a tempo).

Improvisación melódica dirixida.

Aspectos musicais

Estruturas imitativas sinxelas (canon).

Formas A–A' e A–B.

Ligaduras de fraseo.

Diferenciación auditiva de modos maior e menor.

Tonalidade: graos tonais I e V.

Repertorio orientativo

Czerny: Op. 599 (exercicios iniciais).

Lemoine: Op. 37.

Burgmüller: Op. 100 (pezas sinxelas).

Mozart: Pezas infantís.

Bach: Álbum de Ana Magdalena.

Kabalevsky: Pezas Op. 39.

Schumann: Album da mocidade (pezas máis fáciles).

Bartók: Mikrokosmos vol. II (pezas iniciais).

Formación Básica 3 (Nivel Avanzado dentro do básico)

Obxectivos

Saber analizar os elementos substanciais dunha partitura.

Coñecer principais épocas da literatura pianística.

Desenvolver a lectura a 1ª vista con repertorio máis complexo.

Consolidar a técnica dixital con igualdade rítmica e dinámica.

Interpretar un repertorio máis amplo, de diferentes estilos e períodos.

Contidos

Escalas maiores (do, sol, re, fa) dúas oitavas, mans xuntas.

Iniciación ás escalas menores.

Arpegios repartidos en ambas mans.

Acordes con cambios de posición.

Traballo técnico: notas dobres, acordes, mordentes e apoyaturas.

Uso do pedal de prolongación como recurso expresivo.

Planos sonoros.

Tonalidade: tons relativos.

Armaduras máis complexas.

Iniciación ao transporte.

Improvisación melódica e rítmica libre/dirixida.

Aspectos musicais

Formas musicais: rondó, variacións, minueto, sonatina.

Estilos musicais: barroco, clasicismo, romanticismo, século XX.

Estruturas bipartita e tripartita.

Diferenciación auditiva de xéneros (orquestra, solistas).

Repertorio orientativo

Estudos: Kohler Op. 151, Czerny Op. 777, Schitte nº 50-51.

Obras:

Unha obra de Bach (Álbum de Ana Magdalena).

Unha sonatina completa (Clementi Op. 36, Steibelt, Beethoven, Bastien).

Unha obra romántica (Schumann, Schubert, Tchaikovsky, Brahms).

Unha obra do século XX (Bartók, Casella, Kabalevsky, Mompou, Rodrigo).

Nivel Intermedio 1 (IN1 – inicial)

Obxectivos

Coñecer as posibilidades sonoras do instrumento e utilizalas no nivel correspondente.

Iniciarse no coñecemento das épocas da literatura pianística.

Interpretar obras representativas das diferentes épocas dunha dificultade moderada.

Fomentar a creatividade musical.

Motivar a práctica musical en grupo e a escoita doutros instrumentos.

Desenvolver sensibilidade auditiva e calidade sonora.

Consolidar posición corporal e relaxación.

Iniciarse na organización do estudo individual.

Contidos

Uso inicial do peso do brazo e da man.

Técnica dixital para independencia e resistencia.

Notas dobres sinxelas.

O acorde como elemento harmónico básico.

Son picado e staccato.

Notas repetidas.

Escalas maiores e menores (ata dúas alteracións), dúas oitavas.

Arpeggios en estado fundamental, dúas oitavas.

O legato e non legato.

Uso inicial do pedal de prolongación.

Resolución de ornamentos básicos (apoyatura).

Polifonía a dúas voces.

Primeiras análises harmónicas sinxelas.

Repertorio orientativo

Estudos: Burgmüller Op. 100, Czerny Op. 849 (pezas fáciles), Lemoine Op. 37.

Barroco: Pequenos preludios de Bach.

Clasicismo: Sonatinas fáciles (Clementi, Diabelli, Beethoven).

Romántico: Álbum da mocidade (Schumann), Álbum de nenos (Tchaikovsky).

Moderno: Pezas infantís (Prokofiev, Casella).

Nivel Intermedio 2 (IN2 – medio)

Obxectivos

Recoñecer signos da partitura e aplicalos á interpretación.

Lograr maior independencia de mans.

Consolidar o uso do pedal de resonancia.

Interpretar obras de maior complexidade técnica e musical.

Continuar desenvolvendo a memoria e a escoita activa.

Diferenciar estilos musicais e interpretalos con corrección estilística.

Contidos

Escalas maiores e menores (natural e harmónica) ata tres alteracións, dúas/tres oitavas.

Arpegios correspondentes en estado fundamental, tres oitavas.

Coordinación entre mans.

Notas dobres con diferenciación dinámica.

Polifonía a dúas voces máis elaborada.

Técnica de extensión e uso da muñeca/antebrazo en acordes.

Control do legato e do pedal como reforzo.

Resolución de ornamentos: mordentes, apoyaturas.

Estruturas formais máis complexas: bipartitas, tripartitas.

Análise harmónica básica.

Interpretación en grupo e pequenas audicións.

Repertorio orientativo

Estudos: Czerny Op. 849 (nivel medio), Bertini Op. 100, Heller Op. 45.

Barroco: Pequenos preludios e fugas de Bach.

Clásico: Sonatinas máis avanzadas (Dussek, Kuhlau, Beethoven).

Romántico: Pezas líricas (Grieg), Valses de Schubert.

Moderno: Bartók (Mikrokosmos vols. III-IV), Stravinsky (5 dedos).

Nivel Intermedio 3 (IN3 – avanzado dentro do intermedio)

Obxectivos

Expresarse con sensibilidade musical e interpretar con seguridade en público.

Diferenciar estilos musicais con claridade.

Adquirir dominio do pedal de resonancia e unha corda.

Consolidar escalas e arpegios en todas as tonalidades ata tres oitavas.

Interpretar repertorio de maior extensión e complexidade formal.

Ser crítico co propio traballo, desenvolvendo autonomía no estudo.

Tocar en público con seguridade.

Contidos

Escalas e arpegios en tres oitavas, diferentes ataques e dinámicas.

Coordinación complexa entre ambas mans.

Notas dobres e pasaxes polifónicas.

Técnica de acordes con extensión e control do peso do brazo.

Articulación avanzada: staccato, legato graduado, non legato preciso.

Estruturas musicais avanzadas: rondó, variacións.

Transporte e análise harmónica máis completa.

Uso expresivo do pedal de resonancia e do pedal unha corda.

Memoria musical consolidada.

Repertorio orientativo

Estudos: Czerny Op. 636, Heller Op. 46, Burgmüller Op. 100 (avanzados).

Barroco: Invencións a dúas voces, pequenas fugas e preludios con fuguetta (Bach).

Clásico: Sonatas de Haydn, Sonatinas de Mozart máis avanzadas, Valses de Beethoven.

Romántico: Mendelssohn (Romanzas sen palabras), Brahms (Valses), Schumann (Álbum da mocidade avanzado).

Moderno: Guridi (8 apuntes), Granados (Danzas españolas fáciles), Albéniz (Follas de álbum), Sibelius (Pensées Liriques Op. 40).

NIVEL AVANZADO 1

Obxectivos

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.

Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.

Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.

Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.

Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.

Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición.

Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Obxectivos do curso

Desenvolver os ataques en legato, picado e portato.

Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.

Práctica e coñecemento das escalas e arpexios.

Diferentes ataques, dinámicas e acentuacións.

Utilizar o peso do brazo.

Constatar a importancia da calidade do son.

Continuar o adestramento permanente e progresivo da memoria.

Iniciar a práctica de audicións críticas.

Tocar en público.

Contidos

Consolidación dos contidos do curso anterior.

Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:

Igualdade e independencia de dedos.

Coordinación entre ambas as mans.

Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios.

Técnica das notas dobres e xogo polifónico.

Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.

Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.

Práctica de escalas en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.

Práctica de arpexios en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.

Desenvolvo dos ataques legato, picado e portato.

Utilización do peso do brazo.

Constatación da importancia da calidade do son.

Continuación do adestramento permanente e progresivo da memoria.

Iniciación da práctica de audicións críticas.

Participación en audicións públicas.

Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudio, desenvolvemento da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas

Estudos Op.849, Czerny.

Estudos Op.91, Moszkowsky.

Obras barrocas

Invenções a dúas voces, Bach.

Obras clásicas

Sonatas, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas

Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas

Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 2

Obxectivos

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.

Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.

Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.

Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.

Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.

Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición.

Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Obxectivos do curso

Desenvolver os ataques en stacatto e martellatto.

Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.

Incrementar a utilización do peso do brazo.

Mellorar a calidade do son.

Continuar o estudo dos pedais nos diferentes estilos.

Continuar o adestramento da memoria.

Continuar a práctica de audicións críticas.

Tocar en público.

Contidos

Consolidación dos contidos do curso anterior.

Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:

Igualdade e independencia de dedos.

Coordinación entre ambas as mans.

Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios.

Técnica das notas dobres e xogo polifónico.

Técnica de extensión.

Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.

Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.

Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Práctica de arpexos en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Desenvolvo os ataques en stacatto e martellatto. Legato e legatissimo.

Incremento da utilización do peso do brazo.

Melloría da calidade do son.

Continuación do estudo dos pedais nos diferentes estilos.

Continuación do adestramento da memoria.

Continuación da práctica de audicións críticas.

Participar en audicións públicas.

Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenvolvemento da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Recursos didácticos

 Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas

Estudos Op.849, 299, 337, Czerny.

Obras barrocas

Invencións a dúas ou tres voces, Bach.

Obras clásicas

Sonatas e variacións, Haydn, Mozart, Clementi, Beethoven...

Obras románticas

Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas

Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 3

Obxectivos

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.

Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.

Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.

Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.

Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.

Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición.

Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Obxectivos do curso

Perfeccionar os ataques en stacatto e martellatto.

Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.

Perfeccionar os estudos dos pedais en todos os períodos. Escoita consciente. ^[L]_[SEP]

Incrementar o adestramento da memoria.

Profundar nas audicións críticas.

Tocar en público.

Contidos

Consolidación dos contidos do curso anterior.

Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:

Igualdade e independencia de dedos.

Coordinación entre ambas as mans.

Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexos.

Técnica das notas dobres e xogo polifónico.

Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.

Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.

Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Práctica de arpexos en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Perfeccionamento dos ataques en stacatto e martellatto. Legato e legatissimo.

Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudio, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos. Incremento do adestramento da memoria.

Profundización das audicións críticas.

Participación en audicións públicas.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas

Estudos Op.337 e 740, Czerny.

Gradus ad Parnassum, Clementi.

Obras barrocas

Clave ben temperado, Bach.

Obras clavecinísticas

Sonatas, Soler.

Sonatas, Scarlatti.

Obras clásicas

Sonatas e variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas

Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas

Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 4

Obxectivos

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.

Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.

Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.

Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.

Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.

Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición.

Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Contidos

Incrementar o adestramento da memoria.

Profundar nas audicións críticas.

Tocar en público.

Consolidación dos contidos do curso anterior.

Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:

Igualdade e independencia de dedos.

Coordinación entre ambas as mans.

Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexos.

Técnica das notas dobres e xogo polifónico.

Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.

Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.

Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Práctica de arpexos en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.

Perfeccionamento de todos os tipos de ataques.

Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos.

Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenvolvemento da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Consolidación dun nivel de madurez técnico e musical que permita abordar estudos de grao superior.

Incremento do adestramento da memoria.

Profundización das audicións críticas.

Participación en audicións públicas.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas

Estudos de virtuosismo e estudos para a man esquerda, Moszkowsky.

Estudos sobre Paganini, Schumann.

Estudos Op.740 e 365, Czerny.

Estudos, Casella.

Estudos, Chopin.

Gradus ad Parnassum, Clementi.

Estudos, Scriabin.

Obras barrocas

Clave ben temperado, ou Suites, Bach.

Suites, Haendel.

Obras clásicas

Sonatas e variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas

Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas

Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Groba, Bartok, etc.

Ensino para Adultos

A programación da escola contempla tamén a formación musical de persoas adultas, recoñecendo a diversidade das súas motivacións e circunstancias vitais. O acceso á música nesta etapa non se entende como unha carreira académica lineal, senón como unha oportunidade de crecemento persoal, de gozo estético e de socialización a través da práctica musical.

O alumnado adulto pode atopar na aprendizaxe do piano (ou doutros instrumentos) un espazo de desenvolvemento individual que lle permite explorar novas formas de expresión e, ao mesmo tempo, compartir experiencias musicais en grupo. O enfoque metodolóxico para adultos baséase na flexibilidade, adaptando os contidos ao ritmo de cada persoa e respectando os seus intereses —xa sexa afondar no repertorio clásico, descubrir músicas actuais ou experimentar coa improvisación.

A práctica musical en idade adulta favorece a concentración, a memoria, a coordinación e a sensibilidade auditiva, ao tempo que promove o benestar emocional e unha vida cultural activa. Ademais, a aprendizaxe musical convértese nunha ferramenta de integración comunitaria, permitindo a participación en audicións, agrupacións e actividades culturais do centro, sen a presión dunha avaliación estritamente académica.

O obxectivo fundamental non é acadar un determinado nivel técnico nun prazo fixo, senón acompañar o proceso persoal de cada alumno ou alumna adulta, ofrecendo recursos, orientación e un contexto motivador para que a música forme parte da súa vida cotiá.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación na Escola Municipal de Música de Ortigueira debe entenderse como un seguimento continuo e formativo do alumnado, orientado a mellorar a súa aprendizaxe e a motivación, máis que a establecer unha cualificación numérica.

A avaliación terá un carácter global, continuo e cualitativo, e valorará tanto os progresos musicais como os aspectos educativos, sociais e de actitude.

7.1. Aspectos a avaliar

- Ámbito musical/técnico:
- Postura e técnica instrumental.
- Control da respiración, embocadura e emisión do son.
- Afinación e calidade sonora.
- Lectura musical e comprensión rítmica.
- Memorización e precisión interpretativa.
- Progreso técnico ao longo do curso.
- Expresión musical e interpretación en público.
- Ámbito actitude e aprendizaxe:
- Asistencia e puntualidade.
- Interese e participación activa.
- Preparación das clases (material, estudo na casa).
- Estudo autónomo e responsabilidade persoal.
- Aportación ao grupo e respecto polo entorno da aula.
- Integración en agrupacións colectivas (conxunto, banda, grupos de cámara).

7.2. Procedemento de avaliación

O profesorado realizará un seguimento continuo en cada clase.

Emitirase un Informe Individual de Seguimento por cada alumno/a ao final de cada trimestre, segundo o modelo oficial da escola.

O profesorado de instrumento, linguaxe musical e conxunto enviará por correo electrónico o informe ás familias (ou ao alumnado adulto).

Solicitarase unha sesión mínima de orientación e tutoría por trimestre, presencial ou telemática, para comentar os avances e propoñer estratexias de mellora.

Ao final do curso elaborárase unha Acta de Avaliación Final, segundo o modelo oficial, recollendo a promoción de nivel ou a permanencia no mesmo.

Informe de Seguimento e Avaliación Final

Profesor/a:	
Alumno/a:	
NIVEL: ☐ Básico 1 (BA-1) ☐ Básico 2 (BA-2) ☐ Básico 3 (BA-3) ☐ Intermedio 1 (IN-1) ☐ Intermedio 2 (IN-2) ☐ Intermedio 3 (IN-3) ☐ Avanzado 1 (AV-1) ☐ Avanzado 2 (AV-2) ☐ Avanzado 3 (AV-3) ☐ Avanzado 4 (AV-4) ☐ Adulto 1 (AD-1) ☐ Adulto 2 (AD-2) ☐ Adulto 3 (AD-3)	

Ámbito Musical / Técnico

Postura e técnica instrumental	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Afinación calidade do son	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Lectura musical (partitura/tabulado)	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Ritmo e métrica	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Memorización precisión interpretativa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Progreso técnico ao longo do curso	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Expresión musical e interpretación	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

Ámbito Actitude e Aprendizaxe

Asistencia e puntualidade	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Interese e participación activa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Traer o material	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Estudo autónomo	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Aportación ao grupo e respecto polo entorno da aula	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Acada os Obxectivos Educativos	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación non terá carácter numérico, senón **cualitativo**, seguindo o establecido nos modelos oficiais da Escola.

7.1. Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

7.2. Criterios para a promoción

Segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización da Escola de Música:

- O profesorado de cada materia determinará a promoción en base á progresión e resultados da avaliación continua.
- O Órgano de Coordinación Docente revisará os criterios de avaliación e a coherencia dos informes.
- O alumnado ou as familias poderán presentar reclamación ante a dirección no prazo de cinco días naturais desde a comunicación da avaliación final.